






Reclamante: Asociación de Veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia. Oposición 2005 FUNVEXGA  
Expediente. Nº **RSCTG 0047/2017**

## **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por  en nome e representación da Asociación de Veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia. Oposición 2005 FUNVEXGA, remitida mediante oficio da Dirección Xeral de Función Pública á Comisión da Transparencia para a tramitación que proceda. Considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** O 2 de maio de 2017 o Servizo de Réxime Xurídico e Recursos da Dirección Xeral de Función Pública remitiu, mediante oficio, unha documentación de   en nome e representación da Asociación de Veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia. Oposición 2005 FUNVEXGA, escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 5 de maio de 2017. A documentación que acompañaba ao oficio acreditaba que se trataba dunha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Facenda, en materia de Función Pública, pois citaba directamente o artigo 105 da Constitución e a normativa da transparencia.

A reclamación acompañábase dos seguintes documentos:

- Recurso de alzada de 16 de marzo de 2017 presentado por ██████████ en nome e representación da asociación FUNVEXGA ante a Dirección Xeral de Función Pública.
- Poder de representación da dita asociación a favor dunha serie de letrados e procuradores entre os que se atopa ██████████.
- Un escrito de 8 de novembro de 2016 no que a asociación, por medio do dito letrado, requiría unha documentación tal como recollerá esta resolución.
- Un escrito de 25 de xaneiro de 2017 no que o letrado reiteraba a súa petición de documentación de 8 de novembro de 2016, e ampliaba a súa petición inicial.
- A Resolución e a notificación desa resolución, ambas de 14 de febreiro de 2017, en resposta ás solicitudes de novembro de 2016 e xaneiro de 2017, na que a administración estimaba parcialmente a solicitude en relación ás actas do tribunal e daba pé de recurso de alzada ante o Conselleiro de Facenda.
- Unha dilixencia de comparecencia na Dirección Xeral da Función Pública de ██████████ para a entrega de documentación asinada o 7 de marzo de 2017. (Actas do 20 de abril ata o 7 de marzo de 2008, acta nº 66).
- Unha remisión de novas actas do día 13 de marzo de 2017, actas numeradas do 67 ata o número 70, realizada polo Servizo de Réxime Xurídico e Recursos da Dirección Xeral da Función Pública.

A documentación solicitada á consellería polo letrado de FUNVEXGA consistiu en catro puntos:

1. Certificados dos contratos administrativos para a realización de actos clínicos nas campañas de saneamento gandeiro emitidos pola Consellería de Medio Rural en agosto de 2005, que foron presentados como méritos na fase de concurso no antedito proceso selectivo, das persoas que se indican no escrito.
2. Actas do Tribunal cualificador encargado de valorar os méritos no proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (Grupo A) escala de Veterinarios, desde o 20 de abril de 2006 en diante.
3. Recursos de alzada presentados por varias persoas contra a Resolución de 2 de decembro de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios pola que se fai pública a puntuación definitiva da fase de concurso.
4. Cantidades recibidas polos readmitidos con efectos económicos e administrativos de 1 de setembro de 2006, segundo resolución de 31 de agosto de 2006 do Conselleiro de Medio Rural, D. Alfredo Suárez Canal, e xustificante do reintegro de ditas cantidades por parte dos veterinarios incluídos na dita resolución.

A petición indicaba que, unha vez examinada a documentación, se poderían realizar novas solicitudes dos expedientes dos aspirantes incluídos na Resolución de 7 de marzo de 2008, Resolución de 26 de maio de 2008, e da Resolución de 7 de decembro de 2005.

*A asociación motiva o interese nesa información “**polo feito de teren participado no proceso selectivo; figurar na primeira lista e ser nomeados funcionarios/as; de que nos atopamos ante un procedemento de concorrencia competitiva no cal os méritos baremados a un opositor afectan directamente a outro opositor , xa que pode cambiar o seu posto no escalafón, e, finalmente , teren sido separados da condición de funcionarios sete anos despois debido ao desprazamento na lista de aprobados.**”*

A Resolución do 14 de febreiro dá-lle á asociación acceso ás copias das actas solicitadas, pero non concedía o acceso á documentación que contén información de carácter persoal. A denegación non se facía documento por documento, senón de xeito xenérico motivándose en que os documentos que se solicitaban contiñan datos de carácter nominativo, que o procedemento selectivo quedou definitivamente rematado e que tiveron ocasión de comparecer nos procedementos contenciosos impugnatorios todos os que se consideraron afectados, e que tras darlle audiencia aos afectados *“a gran maioría presentaron alegacións opoñéndose a facilitar a documentación solicitada alegando, en resumo, que non se pode admitir a petición ao abeiro do disposto no artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, xa que se trata dun proceso selectivo rematado fai moitos anos, no que se interpuxeron diferentes recursos contencioso-administrativos que foron desestimados na xurisdición correspondente mediante sentenzas firmes,(...) polo que a súa petición resulta repetitiva, extemporánea, e versa sobre unha cuestión cuxos actos administrativos son firmes, existe efecto de cousa xulgada, e o solicitante non indica un interese actual e lexítimo.”*

**Segundo.** Con data de 12 de maio de 2017 requíriase á Dirección Xeral de Función Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase o informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de maio de 2017.

**Terceiro.** Con data do 29 de maio do 2017 a Dirección Xeral da Función Pública contesta á petición remitindo o informe e o expediente elaborado. O expediente achegado ten 126 páxinas, e recolle todo o xa exposto.

Neste informe, en resumo, indicase que as solicitudes tramitáronse ao abeiro da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que so aplicaron a Lei 19/2013 no que fai ao trámite de audiencia para a protección dos intereses dos terceiros. Igualmente entende que non se pode achegar ningún documento que teña datos persoais polo que corresponde aos interesados identificar de xeito concreto os expedientes administrativos nos que figuraría cada parte da documentación

solicitada. Por último resalta que a petición fúndase nun proceso amplamente impugnado e rematado.

**Cuarto.** Con datas 18 de maio e 31 de xullo de 2017 recibíuse nova documentación do representante da asociación reclamante.

Ademais dos datos xa recollidos anteriormente, daba información sobre a revisión de oficio para declarar a nulidade de pleno dereito da Resolución de 7 de decembro de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, que establecía a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, coincidente co número de prazas convocadas (DOG 21 de decembro de 2005). Entre outra documentación achega:

- Ditame do Consello Consultivo 4/2009, preceptivo e vinculante que conclúe con informe desfavorable a que se declare a nulidade.
- A notificación da Resolución, de 2 de abril de 2009, pola que se arquivan as actuacións realizadas no procedemento de revisión do 7 de decembro de 2005.
- A notificación de 8 de novembro de 2012, pola que se notifica aos departamentos da Xunta para que tomen razón da condición de funcionarios interinos, dos funcionarios que participaron no proceso selectivo pola quenda ordinaria e que están relacionados no anexo da notificación.

Da documentación achegada compre destacar que a asociación FUNVEXGA indicáballe á administración, no escrito de 16 de marzo de 2017, que *“o proceso selectivo non está rematado, por canto lle consta á propia Consellería, DOG nº 34, do 2 de marzo de 2017, no que se publica resolución do recurso interposto contra a Orde de 14 de xullo de 2008, pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios.”*

Cabe sinalar que o DOG de 2 de marzo de 2017 é o número 43, e que nel figura a seguinte resolución: RESOLUCIÓN do 14 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.A. 379/2016 interposto por [REDACTED].

**Quinto.** Con data de 19 de febreiro de 2017 a proposta de resolución, foi examinada na sesión XV da Comisión da Transparencia, sendo devolta á secretaría para que se ordenase a identificación dos terceiros interesados e que se procedera a dar aos mesmos o trámite de audiencia previstos nos artigos 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro. Feito polo que é retirado o expediente da orde dos asuntos a tratar.



04	11/10/2017	S- 2017/011188	[REDACTED]	16/10/2017
05	11/10/2017	S- 2017/011189	[REDACTED]	17/10/2017
06	11/10/2017	S- 2017/011190	[REDACTED]	17/10/2017
07	11/10/2017	S- 2017/011191	[REDACTED]	30/10/2017
08	11/10/2017	S- 2017/011192	[REDACTED]	16/10/2017
09	11/10/2017	S- 2017/011193	[REDACTED]	17/10/2017
10	11/10/2017	S- 2017/011194	[REDACTED]	17/10/2017
11	11/10/2017	S- 2017/011195	[REDACTED]	16/10/2017
12	11/10/2017	S- 2017/011196	[REDACTED]	16/10/2017
13	11/10/2017	S- 2017/011197	[REDACTED]	18/10/2017
14	11/10/2017	S- 2017/011198	[REDACTED]	18/10/2017
15	11/10/2017	S- 2017/011199	[REDACTED]	17/10/2017
16	11/10/2017	S- 2017/011200	[REDACTED]	17/10/2017
17	11/10/2017	S- 2017/011201	[REDACTED]	18/01/2018
18	11/10/2017	S- 2017/011202	[REDACTED]	16/10/2017
19	11/10/2017	S- 2017/011203	[REDACTED]	24/10/2017
20	11/10/2017	S- 2017/011204	[REDACTED]	17/10/2017
21	11/10/2017	S- 2017/011205	[REDACTED]	2/11/2017
22	11/10/2017	S- 2017/011206	[REDACTED]	16/10/2017
23	11/10/2017	S- 2017/011207	[REDACTED]	16/10/2017
24	11/10/2017	S- 2017/011208	[REDACTED]	18/01/2018
25	11/10/2017	S- 2017/011209	[REDACTED]	16/10/2017 13:30 h. 17/10/2017 16:40 h.
26	11/10/2017	S- 2017/011210	[REDACTED]	16/10/2017
27	11/10/2017	S- 2017/011211	[REDACTED]	19/10/2017
28	11/10/2017	S- 2017/011212	[REDACTED]	24/01/2017
29	11/10/2017	S- 2017/011213	[REDACTED]	16/10/2017
30	11/10/2017	S- 2017/011214	[REDACTED]	31-10-2017

Compre sinalar que a notificación a todos os interesados foi complexa, concluíndo en xaneiro de 2018 coa notificación en man a dúas persoas no seu centro de traballo en San Caetano, como consta no expediente.

A notificación remitida indicaba expresamente que para ter acceso ao expediente o terceiro podía presentarse na sede do Valedor do Pobo, previa cita, ou ben solicitar o envío deste desde un correo corporativo da Xunta de Galicia, isto último para acreditar a personalidade do terceiro. Catro persoas solicitaron a remisión do expediente: a [REDACTED].

Non se solicitou ningunha comparecencia ante a sede da Comisión da Transparencia.

**Oitavo.** Realizáronse alegacións no expediente de reclamación por parte da letrada [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED].

[REDACTED] alega a vinculación da solicitud de acceso ao proceso selectivo convocado por orde de 29 de decembro de 2004. Mantén a súa oposición a exhibición do certificado e entende que as puntuacións están publicadas nos DOG. Tamén critica que no trámite de audiencia se recolla a documentación sobre a cal a asociación interesa o acceso pero que non se lle achegue a copia do escrito formulado pola asociación, e incide novamente en que estamos ante unha convocatoria na que tiveron lugar moitos procesos xudiciais, en distintos órganos xurisdicionais, e formula que *“de manera subrepticia se pretende revisar un proceso selectivo, que insistimos se encuentra totalmente finalizado lo cual resulta inadmisibile y contrario a derecho”*, por tanto a petición é *“manifiestamente repetitiva, extemporánea, versa sobre una cuestión respecto de la cual los actos administrativos son firmes y existe efecto de cosa juzgada, por lo cual reiterar en este momento, más de diez años después de emitido la certificación y ocho años después de finalizar el proceso selectivo, frente al cual se han formulado múltiples recursos por los hoy solicitantes, todos los cuales finalizaron con sentencia desestimatoria de sus pretensiones, determina que tal petición tenga un claro carácter abusivo que no se encuentra en modo alguno justificado con la finalidad de transparencia de la Ley 19/2013, que constituye un abuso de derecho que debe ser rechazado e inadmitido por consiguiente.”*

[REDACTED] pola súa banda indica que *“O cumprimento por parte da administración da Lei 19/2013 de 9 de decembro, (...) non esixe nin xustifica a revelación de datos protexidos polo art. 18 da Constitución Española e Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal...Por tal motivo, como afectada me opeño á cesión a terceiros da información que me afecte.”*

**Noveno.** Con data de 6 de febreiro de 2017 recíbense as alegacións de [REDACTED] que recolle o rexeitamento a que se lle achegue a asociación os datos relativos aos certificados dos contratos administrativos en iguais termos que os demais escritos de alegacións existentes no expediente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades Autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013 e pola Lei 1/2016, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016 establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei 19/2013 sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública



A Lei 1/2016 reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

#### **Cuarto. Análise do expediente**

En primeiro lugar vaise a analizar, por existir dúas posturas confrontadas, se se está ante un procedemento administrativo en curso que obrigue a aplicar a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo nos termos da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, ou ben ante un procedemento concluído, no que existe o dereito de acceso á información pública.

Tal como din os diferentes oficios e informes da administración o procedemento administrativo non está en curso. O procedemento está concluído, por máis que en vía xurisdiccional poidan existir procesos abertos. A existencia de procesos contencioso-administrativos só pon de manifesto o exercicio do mecanismo de control xudicial da legalidade da actuación administrativa suxeita a ese dereito.

En segundo lugar vaise a analizar se as peticións de acceso á información pública son pertinentes.

Como recollen os antecedentes, as dúas solicitudes ante a administración requiren:

1. Certificados dos contratos administrativos para a realización de actos clínicos nas campañas de saneamento gandeiro emitidos pola Consellería de Medio Rural en agosto de 2005, presidida polo Conselleiro Alfredo Suárez Canal, que foron presentados como méritos na fase de concurso no antedito proceso selectivo, das persoas que se indican no escrito.
2. Actas do Tribunal cualificador encargado de valorar os méritos no proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (Grupo A) escala de Veterinarios, desde o 20 de abril de 2006 en diante.
3. Recursos de Alzada presentados por varias persoas contra a Resolución de 2 de decembro de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios pola que se fai pública a puntuación definitiva da fase de concurso.

4. Cantidades recibidas polos readmitidos con efectos económicos e administrativos de 1 de setembro de 2006, segundo Resolución de 31 de agosto de 2006 del Conselleiro de Medio Rural D. Alfredo Suárez Canal, e xustificante do reintegro de ditas cantidades por parte dos veterinarios incluídos na dita resolución.

As catro solicitudes que se fan entran dentro de información pública ao tratarse de documentos que obran en poder da administración e que foron adquiridos no exercicio das súas funcións.

As actas constan xa entregadas. É preciso pois analizar a condición do resto dos documentos solicitados: certificados de contratos administrativos, recursos de alzada presentados, cantidades recibidas polos readmitidos e xustificante do reintegro de ditas cantidades por parte dos veterinarios incluídos na dita resolución.

Sen ánimo de exhaustividade se esta documentación foxe xerada con posterioridade á publicación da Lei 9/2013, do 9 de decembro, a información, nos termos que de seguida se exporán, disporía de datos relevantes e considerados materias obxecto de publicidade activa. A información sobre contratación debe estar publicada nos termos recollidos nos artigos 8 a) da Lei 19/2013 e 13 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e aquí non se piden os contratos senon só os certificados, é dicir o documento que indica o tipo de contrato celebrado para levar a cabo unha campaña de saneamento animal, con quen e o tempo. Os recursos de alzada e as sentenzas que orixinaron as modificacións son documentos que supoñen interpretación do dereito ou teñen efectos xurídicos do artigo 7 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro e finalmente o control orzamentario e as obrigas específicas de información en materia de persoal dos artigos 8 Lei 19/2013, do 9 de decembro, e 10 e 11 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro permiten facilitar ese tipo de documentación, cando menos globalmente.

En todo caso insistimos, a solicitude pide unhas certificacións dos contratos administrativos. Non se solicitan os contratos en si, tampouco como quere dar a entender a [REDACTED], e tampouco como di esta representante se pide a puntuación xa publicada e coñecida. O que se require son os certificados, é dicir, un documento que constata un determinado feito, neste caso a información relativa a un contrato administrativo e que formou parte dun proceso selectivo. Este documento está en poder da administración e foi adquirido no exercicio das súas funcións, e foron utilizados para a publicación no DOG dunha resolución pola que se publica a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia escala de veterinarios.

Aínda que, como xa quedou indicado se trata dun procedemento finalizado, non é menos certo que a ponderación que debe realizar esta comisión céntrase entre a protección de datos de carácter persoal e o feito que existe un dereito de acceso á información pública vinculado a un proceso selectivo. Existe numerosa xurisprudencia que obriga a que os procesos de

selección na administración cumpran unhas mínimas exixencias de transparencia e publicidade, considerando que son superiores estes valores, se ben as sentencias atopadas (26 de abril de 2012 Sección Primeira da Audiencia Nacional, entre outras) se refiren ao tratamento das cualificacións obtidas nos procedementos e non á documentación achegada na fase de concurso, o certo é que actualmente a normativa establece a obriga de facer transparente todas as fases dos procesos selectivos. Neste expediente hai que ter en conta os aspectos que recolleremos seguidamente ao falar do artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, pero o que está claro é que o dereito de acceso á información pública é diferente aos dereitos que os interesados puideran realizar daquela, pois vailles a permitir coñecer se a actuación da administración respectou, ou non, as normas de bo goberno tanto no que se refire ás certificacións como todo aquilo que responde ao control económico das contías recibidas polos readmitidos e os xustificantes do reintegro.

Por tanto, en relación aos documentos e datos solicitados esta comisión entende que todos eles son pertinentes e serven para o control cidadán sobre a actividade governamental.

En terceiro lugar a Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece uns límites ao acceso nos artigos 14 e 15 desa norma e unhas causas de inadmisión no artigo 18.

A única inadmisión que se cita no expediente é que *“se trata dun proceso selectivo rematado fai moitos anos, no que se interpuxeron diferentes recursos contencioso-administrativos que foron desestimados na xurisdición correspondente mediante sentenzas firmes,(...) polo que a súa petición resulta repetitiva, extemporánea, e versa sobre unha cuestión cuxos actos administrativos son firmes, existe efecto de cousa xulgada, e o solicitante non indica un interese actual e lexítimo”*, o certo é que a asociación créase no ano 2006, é dicir, despois da publicación da resolución de 7 de decembro de 2005 que publica a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia escala de Veterinarios, por tanto, con todos os procesos xudiciais rematados, e cando a administración xa lles integrara nese listado.

Durante este proceso de solicitude de acceso a administración retrasa a achega de documentación porque a asociación non identificaba de xeito concreto expedientes administrativos, nos que ao parecer se atopaban as actas do Tribunal que realizou o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios, convocado pola Orde do 29 de decembro de 2004. Pero non alega que sexa necesaria a reelaboración da documentación, en todo caso, está claro que non existía un expediente único, e que incluso para a administración era difícil atopar a información.

Procede analizar agora, se se trata dunha petición repetitiva ou non. En relación a este asunto, e como consta no expediente, a asociación é a primeira vez que solicita ante a administración esta documentación. O Criterio 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno sobre

as causas de inadmisión de solicitudes de información repetitiva ou abusiva sinala que para inadmitir tería que coincidir con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes e que fose rexeitada e a resposta adquirise firmeza. Ou que, xa se lle tivese ofrecido a información e non houberse modificación real ou legal dos datos ofrecidos no seu momento, tamén se o solicitante coñecera de antemán o sentido da resolución por térenselle comunicado nun procedemento anterior polo órgano informante, ou coincida con outra ou outras dirixidas ao mesmo órgano en períodos de tempo inferiores aos prazos de tramitación legalmente previstos, de tal forma que as solicitudes presentadas previamente non tiveran rematado a súa tramitación. Igualmente sería manifestamente repetitiva se se tratara dun asunto de resposta imposible, ben polo contido ou por razóns de competencia e así se lle notificase e xustificara ao solicitante da información.

Este criterio remarca que se coincide o texto pero son varios demandantes solicitando unha mesma información é obrigatorio considerar cada petionario individualmente. Se a petición é colectiva e algún deles anteriormente xa presentara a solicitude, a inadmisión solo procedería respecto desa persoa, continuando a tramitación respecto do resto.

Como queda indicado é a primeira vez que a asociación demanda estas catro peticións.

En relación ao suposto de que se ocasione un prexuízo para a igualdade entre as partes nos procesos xudiciais e a tutela xudicial efectiva, o informe da Dirección Xeral do 19 de maio di que:

*A asociación “ tivo acceso ao expediente completo do proceso selectivo a través das impugnacións procesuais que promoveu”.*

*Estase “... a solicitar información sobre un proceso selectivo antigo que rematou fai anos. Un proceso amplamente impugnado incluso a través de recursos extraordinarios de revisión, que foron totalmente desestimados tanta na vía administrativa como na vía xudicial” .*

*“O interese do solicitante na obtención de documentos é previsiblemente, o de continuar impugnando o proceso selectivo mediante a interposición de novos recursos contra actos definitivos que xa foron impugnados en máis dunha ocasión”.*

Pola súa parte a asociación en todo momento indica que carece da información. Hai que ter en conta que os membros da asociación inician este camiño, incluíndo a creación da propia asociación só cando se resolve incorporar as puntuacións reclamadas en vía xudicial por un elevado número de concorrentes ao concurso-oposición, e cando fronte a tales sentenzas, algúns destes participantes no indicado proceso selectivo solicitaron da sala do contencioso-administrativo a extensión de efectos das referidas sentenzas e a pretensión foi rexeitada por distintos autos da referida sala. Como consecuencia desta situación 34 aspirantes que

superaran a proba selectiva quedaron fóra da relación definitiva elevada á Administración convocante. A personalidade da asociación e a dos seus membros é diferente.

O expediente de dereito de acceso remitido nas páxinas 35 a 47 pon de manifesto que non existe un expediente sobre o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia grupo A, escala de veterinarios convocado pola Orde do 29 de decembro de 2004, senón que a información está dispersa en expedientes administrativos concretos. Por iso o 13 de marzo de 2017, despois da comparecencia do letrado da asociación, e debido a súa insistencia de que lle consta a existencia de máis actas, a administración localízaa e remite unha copia mediante oficio das actas con números 67 ata o 70.

Dado que a documentación solicitada afecta directamente ás modificacións na baremación realizada, á vista da motivación da asociación cómpre entregar a documentación.

É preciso analizar a aplicación do artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, artigo que se ocupa da protección de datos de carácter persoal na información solicitada. En relación á existencia de datos nominativos e DNI, que son os únicos datos que recolle o expediente, o propio artigo 15, no parágrafo 4 permite conceder o acceso se se efectúa a disociación dos datos de carácter persoal de xeito que se impida a identificación das persoas.

No caso de que exista oposición de terceiro o artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que “o acceso só terá lugar cando, téndose concedido ese acceso, transcorre o prazo para interpoñer recurso contencioso- administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.”

O artigo 15, en todo caso, establece que o acceso está restrinxido, e unicamente se poderá autorizar co consentimento expreso e por escrito do afectado se se trata de datos especialmente protexidos. Son datos especialmente protexidos os que se refiren aos apartados 2 e 3 do artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal. Nese artigo, o parágrafo 2 fai referencia a datos sobre ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas e o parágrafo 3 refírese aos de orixe racial, saúde e vida sexual.

Tamén son datos especialmente protexidos os datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas que non leven consigo a amoestación pública ao infractor.

Con carácter xeral, concederáse o acceso á información que conteña datos meramente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública do órgano. Tamén se concederá o acceso cando o afectado xa fixera manifestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso.

Neste expediente, como se recolle nos antecedentes, os terceiros alegan que o solicitante non indica un interese actual e lexítimo. Como en anteriores resolucións desta comisión é preciso indicar que o dereito de acceso á información céntrase en dous aspectos: a existencia dunha información pública, nos termos indicados no paragrafo terceiro destes fundamentos, e no concepto de interesado.

O concepto de interesado, en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades que convén salientar. O dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas (artigo 12 Lei 19/2013, do 9 de decembro). É suficiente coa identidade do solicitante (artigo 17.2 Lei 19/2013, do 9 de decembro), non existe obriga de motivación da solicitude (artigo 17.3 Lei 19/2013, do 9 de decembro), e se se dan os motivos “poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude”. En todo caso, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O artigo 24 reforza o dereito desta cidadanía e di que no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública garantiráselle a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras leis. Por tanto, é irrelevante que o solicitante de información pública teña ou non relación coa administración, coa materia da que solicita información, ou o lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito do interese, senón polo feito de que se fai unha solicitude sobre unha materia que non está excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos gobernantes, no sentido máis amplo, calquera información pública que xulgue oportuna.

Sobre os datos solicitados, por todo o sinalado en relación a se se trata de datos especialmente protexidos ou non, está claro que non o son, agás que existan razóns que a administración coñeza de antemán, que obriguen a non dalos, pero nese caso sería suficiente con eliminar os datos nominativos, ou aqueles que poidan identificar ás persoas en particular.

### **Quinto.- Conclusións**

En conclusión, a personalidade xurídica da asociación que reclama a información é distinta da dos seus compoñentes. Esta asociación non participou na tramitación do expediente de concurso- oposición, nin nos sucesivos contenciosos administrativos celebrados, por mais que nel estean integrados persoas físicas que si o fixeron.

Procede estimar a petición da asociación interesada en relación á achega dos seguintes documentos, pois trátase de información pública que pode servir para o control da administración durante este proceso selectivo:

1. Certificados dos contratos administrativos para a realización de actos clínicos nas campañas de saneamento gandeiro emitidos pola Consellería de Medio Rural en agosto de 2005, presidida polo Conselleiro Alfredo Suárez Canal, que foron presentados como méritos na fase de concurso no antedito proceso selectivo, das persoas que se indican no escrito.
2. Recursos de Alzada presentados por varias persoas contra a Resolución de 2 de decembro de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios pola que se fai pública a puntuación definitiva da fase de concurso.
3. Cantidades recibidas polos readmitidos con efectos económicos e administrativos de 1 de setembro de 2006, segundo resolución de 31 de agosto de 2006 do Conselleiro de Medio Rural, D. Alfredo Suárez Canal, e xustificante do reintegro de ditas cantidades por parte dos veterinarios incluídos na dita resolución.

O proceso selectivo en si, tivo unhas circunstancias que non son as habituais nos procesos selectivos, por isto a motivación da asociación parece axeitada aos fins da transparencia na xestión administrativa.

En todo caso, e a fin de evitar colisión coa normativa de protección de datos, é posible eliminar todos os datos de carácter persoal, como son o nome, apelidos, DNI, enderezo, teléfonos, correo electrónico e calquera outro que permita identificar ás persoas físicas.

En conclusión, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos, procede

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación da Asociación de Veterinarios Funcionarios da Xunta de Galicia. Oposición 2005 FUNVEXGA con data 16 de marzo de 2017, contra a denegación de 14 de febreiro de 2017 da Dirección Xeral de Función Pública, nos termos indicados nos fundamentos cuarto e quinto.

**Segundo:** Instar á Dirección Xeral da Función Pública a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso

**Terceiro:** Instar á Dirección Xeral da Función Pública a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8. 3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga